

X ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

II XUNTANZA DEPUTACIÓN PROVINCIAL



BUEU
2006

18
19
20
agosto

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

MUSEO
MASSÓ



DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA



FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL
FGCMF



D. ÁVILA 2006



X Encontro de Embarcacións Tradicionais



Asociación de Amigos das
Embarcacións Tradicionais Os Galos.
Buen

Editorial	3
Estou na Illa mirando chorar o Liboreiro	4
O estaleiro de Purro	8
Alá no medio do <i>mare</i>	12
A Staffan Mörling, con agarimo	14
Viñetas Luis Davila	17
Un barco pirata fondea en Beluso	18
Cheminea	20
Viñetas Luis Davila	21
Poemas	22
Recuncho literario	24
Homenaxe aos naufragos	28
Rómulo Gallegos. Estadía en Bueu	29
Unha tarde de botaduras	32
Encontro en Bouzas 2006	33
Refraneiro	34
Programa do X Encontro	36





Editorial

Redacción

Un ano máis sae á luz a nova edición da nosa revista con motivo do X Encontro de Embarcacións Tradicionais en Bueu. Foi un ano de ausencias e de novas adquisicións, ¡como a vida mesma!

Inmersos na nosa tarefa de divulgación do patrimonio marítimo, ademais da importancia que damos ao mar, entendido como medio de traballo e de lecer, queremos resaltar tamén o valor da vila en si e da súa riqueza cultural e paisaxística, rescatando da historia un artigo dun desembarco pirata na Pedra Branca ou unha estadía na vila de Rómulo Gallegos. Todos estes sinais dan mostra da identidade mariñeira da vila, aos que non queremos amarrarnos, pero tampouco esquecer.

Ao redor do mar erguérонse en Bueu construcións como: estaleiros, atadores, salazóns, fábricas conserveiras, lonxa, praza,... Mais o tempo pasa e a realidade transfórmase, evoluciona para ben ou para mal, pero non volve atrás nin se detén.

As praias desaparecen, os peirao medran, o mar contamínase, a pesca escasea, as embarcacións e as artes tamén varían e a carpintería de ribeira vai camiño dos museos.

¿Que tipo de vila queremos deixar en herdanza aos nosos fillos?

Poida que sexa normal que nós, gardas custodiadores dun inmenso patrimonio marítimo, miremos con bos ollos a conservación de toda esa identidade mariñeira que nos arrolou. E do mesmo xeito que defendemos a rehabilitación do astelero de Purro (cando, como e onde deberá pasar por un consensuado debate), avogariamos tamén pola recuperación dunha fábrica de salazón.


Tamén nós precisamos dos peirao para amarrar os nosos barcos. Ten que haber peirao, si, pero non a conta das praias. Ten que haber pesca, si, hoxe mañá e sempre que haxa vida. Ten que haber vida, si, e tamén museos que recollan a que xa pasou.

Dende esta Asociación estamos nunha posición privilexiada que nos permite facer un museo vivo grazas ás nosas embarcacións, a nosa escala de valores e a inestimable aportación das persoas e institucións que axudan a financiar estes proxectos.

E como todo cambia, nós queremos tamén dar un paso adiante con esta edición: a revista medra así como as nosas aspiracións. Hai un dito popular... "cada mastro que aguante a súa vela", e dende o equipo de redacción queremos fazer da nosa vela un estandarte.

Oxalá esta revista sirva para deleitar a quen a lea e para estimular a quen queira iniciarse no abondoso mundo da navegación tradicional.


A todos: boa singradura.



■■■ Estou na Illa mirando chorar o Liboreiro

Xaime Toxo

(A Paco Bicho e Manu Soliño, dous penedos no mar da memoria: "Amigo, vai alto o pensamento").



unha chalana aboiada no peito da tua chaqueta, mollada pola chuva.

—*Talvés* —suspiraches— deixamos algo esquecido no recordo. Seguro que eu deixei unha morea de débedas de viño e sorrisos de despedida que esfarelaban o tempo ao meu arredor.

O tempo, ese fillo de puta, coma unha maquia de fariña coándose por entre os dedos das mans. Teño a sensación de estar sempre mastigando o mesmo toro de maragota, de ter que recoller na casa da miña avoa un eterno bocadillo de marmelo preparado sobre unha mesa de mármore branco. A mesma incerteza de soidade deitado nos cons desta illa que cando era neno. Paréceme que nunca me movín de enriba das pedras que abanean.

Repetías as palabras: *talvés*, ao mellor, quizais; e a que a min me parecía o resumo da túa maneira de

Deixei de facer xeroglifos na mesa coas cascás dos cacahuetes que nos deran co viño e púxenme a mirar de onde saíra aquel orballo repentino. E mirei a miña mirada a través da chuva. Mireime mirando a chuva mollar a túa chaqueta. Detida a mirada nas pingas, cun mar de chumbo no fondo, e

entender o mundo: "pode ser". Foder, poñásme nervioso; "pode ser, ¿que?"

Logo estaban os teus acenos, intentando representar o mundo coas partes articuladas do teu corpo. Movendo moito os brazos por riba da cabeza para intentar imitar os ventos.

Pensei que nos recordos eses ventos xa non nos ían desbaratar ningunha manobra nin nos farían mudar ningún rumbo. Desapareceran envolvidos pola resaca de tantas noites agachados en alboios de fume, música e palabras. Neses sitios había que reinventar os ventos tódolos abrentes.

Colliches folgos e comezaches a petar un aire de pandeirada coas mans na mesa da taberna de Checho. Logo puxécheste a cantar baixiño: "Vente, ventiño do norte; vente, ventiño norteiro..."

—¿Díxencho, verdade? Atopei unha foto nun álbum vello de dous rapaces collidos polo ombro nun peirao que hoxe non existe. Amosan un *burás* pendurado dunha liña. A min iso de reinventar ventos sempre me gustou. Recórdame os seráns do verán, esmagados polas brisas da anoitecida e o rastro que deixabamos na area correndo cara á casa; e a Tuchiño, *O Bufa*, esbardallando que non había motor que puidese cos ventos que viñan do mar contra a terra á altura de Capetón.

Levantaches a cara devagar. Coma se che custase moiísimo desprazar o espazo baleiro que tiñas enriba do curuto. Avanzaches o vaso aos beizos, deixaches escorregar un grolo de viño pola gorxa e engadiches con acento de caraxe:

—O que lle fixeron ao Liboreiro non ten perdón.

Sorrín con desgana, pero ninguén me viu. Facíase de noite e, pensei, debía de estar a chover enriba dos





soportais da Rúa do Vilar. Soportais dunha inmemoria trampona que eu imaxinaba con cesteiros á sombra tecendo un mar de patelas.

—¿Eses soportais que ti soñas en Santiago nunca existiron, verdade? Ou, como moito, estarían nesa vila imaxinaria que naceu á sombra do Liboreiro cobrando rapetas do mar.

—O Liboreiro foi o noso Everest —engadín. Estabamos na illa de Ons oíndo chover en Compostela.

—De tódolos xeitos, non é un mal recordo o da foto dos rapaces. ¡Manda carallo!, un *burás* nunha foto; se áinda fose unha solla.

—¿Pero a ti entrouche algunha vez unha solla na liña? Iso debiches de dicilo á altura do Cairo, diante do areal de Canexol cando íamos de camiño cara a Melide e che falei por primeira vez da foto que atopara.

Mais calaches co silencio que nos acompañaba nos paseos pola Algalia, onde aníñaramos tantos anos. Ou cando ceibabas un murmurio de muda canción infantil, saltando os enlousados do adro da igrexa de Cela á pata coxa: “Rapaces, non fagades iso que ides espertar os mortos”. Un alento de voz inaudible, ti contando os números cando xogabamos ao coite contra a tapia do cemiterio: “Rapaces, non fagades iso que ides espertar os mortos”.

—Lembro o día cando fixemos esa foto. Deitados nas táboas do peirao, a liña no mar, os ollos cravados nos buraces, cunha sombra de gaivotas voando sobre nós cara a Ons, e túa irmá María berrando na xanela: ¡A comer!

Sí, claro, espertar os mortos. Esta vez rin para dentro.

Debián de pensar que aínda eramos uns meniños. Somos nós os que baixamos da praza de Cervantes a espertar mortos na Quintana. ¿Tí recordas, non? Viña Soliño. Cantabas ao baixar as escaleiras daquel mar de pedra onde naufragamos nun vendaval de táboas a escorregar polas aristas dos penedos; e as xemas dos dedos enchidas, como velas, dos ventos que exhalaba a gruta da serea.

A Quintana, nada de nosoutros se podería entender sen ese laño interior e confidencial.

—Mi madriña, que rápido se fixo de noite! Achégase unha treboada polo sur; imos mirala. Aceleraches o paso, unha alancada que gabeaba entre os eucaliptos, para perdéreste nunha calella de fento mollado e lama endurecida. Viñamos de Melide e morrías por chegar canto antes ao Buraco.

—¡E, tí! Non teñas tanta presa por entrar nesa noite escura. Veña, paramos na de Checho e tomamos un carolino.

—Eu quero que me enterren envolto nunha bandeira republicana.

—Eu non quero que me enterren. Que me deixen ir polo mar abajo nunha dorna de brisa con arrecendo a muller núa correndo por riba do vento.

—Está ben, así será.

Respondiches cravando os dentes no derradeiro anaco dunha ración de polbo servido na de Checho, que meteras, cunha pataca cocida, entre dous anacos de pan.

Trabaches no pan coma se fose na caluga da muller núa, recén saída do mar, na praia de Melide. O aceite esvarouche polos pelos da barba. Estabamos na illa de Ons, ollando dende a varanda da taberna unha treboada que afundía o mundo contra a banda de terra, e asubiaches unha melodía de ventos encontrados.

Lembreime de como eramos coas orellas inzadas de sabañóns, sorbendo as luras do *narís*, subindo as escaleiras de pedra da escola vella poñéndolle letra a esa melodía: “Benito Olla ten un asubío para chamar as mozas da Bando do Río...”

—Que rapidamente se incumpren as promesas.

—Bah, dá o mesmo —retrucaches—. O que non ten perdón é o que lle fixeron ao Liboreiro.

—Repíteste máis ca unha tapa de orella con moito pemento servida por Felipe no Catro Ventos, contra a Algalia de Arriba.

—¿Falámos outra vez de Compostela ou é que estás alá?

—Nunca deixo de ser un que baixa correndo por Tras Salomé cara á Rúa do Vilar ao encontro de quen ti sabes.

Sorriches con desgana, pero ninguén o viu. Viñera a noite a cubrir aquel pequeno espazo, de corpos deitados nas cadeiras, cos pés apoiados na varanda e mesas de



madeira detrás nosa, no que pediches outro carolino.
—¡Ei, patrón, aquí un carolino!

Foi un non falar, un aturuxo de náufrago centenario na escuridade dun mar sen estrelas. No Curro de Nós esmagaches a túa voz contra o costado das chalanás. Ningún oía a túa voz perdida. A túa voz, pensei, fita vermella nunha cova de seda negra.

—Chámao de novo e dille que sexa catalán de Coiro.

—¡Manda carallo, catalán de Coiro na Illa! E deuche a risa. Aquela gargallada túa parecía que agabeaba pola corredoira da encostada do Faro, percorría os cantís sementados de percebes e buscaba nas grutas, onde se aparean os congos, o suspiro da serea cando a desescamabas.

—¿Gardas a foto dos rapaces no peirao?

—Gardo as voces —respondín botando un grolo daquel viño que era vinagre— dos outros. Dos nenos que saían fungando da escola e asexaban aos mariñeiros que viñan do mar, encrenenados baixo as táboas do peirao, cos pantalóns baixados e arremangados nos nocellos, deixando na praia a mancha escura dos xurelos en salmoira que cearan de madrugada no barco.

Cando estaban anicados sobre si mesmos, comezabamos a berrar:
¡Acudide a cacar! ¡Acudide a cacar!

Puxécheste doce.

—Non tiñades corazón.

—Berrabámoslles aos homes que coñecían o laño onde viven as sereas. Gardo aquel berro na memoria asociado ás maruxías cubrindo o penedo de Pescadoira.

Deixaches que un intre de silencio amornecese o recordo e logo, poñendo voz de John Balan, empezaches a cantar: “En tardes de domingo tan grises coma a cor dos teus ollos...”.

Apartaches a cadeira e movíaste abaneado por mil orquestras, polo recordo dun millón de bailes no Morrazo de empezar e non acabar. Dos furanchos e das atardecidas, dos ollos loucos e acendidos de Berta a te chamar para saíres a bailar no eirado da festa de Beluso, co susurro de “John Balan y los Chicos del Jazz” enredándose nos teus nocellos.

Agora bailas emparellado coa sombra e a luz do faro pintaba do teu corpo. Cun carolino nunha man e un pitillo na outra.

Uns que había na mesa do fondo facíanche as palmas.

Parecía como se toda a illa che servise de telón de fondo, e aquela corredoira que encertaba no Curro e remataba no Buraco do Inferno fose un bulevar cosmopolita, unha pasarela alumeadas por centos de letreiros de neón pola que ti esvarabas elegantemente, coma un Fred Astaire de pacotilla actuando no teu Broadway local, cun público de mariñeiros e aros.

—¿Gardas a foto? —volviches preguntar.

—Máis que nada gardo o ruído do mar a traballar na area pola noite, sen descanso; e o frío irreparable que acompañaba o vento do norte no devalo das tardes de inverno. Eu detrás da porta da tenda da miña avoa, a mirar o peirao a través dos cristais; da poalla lenta e fría que emborrallaba o mundo. Co corazón enfebrecido,

coma boca de congo batendo no peito, agardando mirala, deitada, miña rula, na cuberta de proa da dorna, golpeando o trasmallo coa súa cola de serea.

Viráchéste contra o taberneiro que deixara outro carolino enriba da mesa e cuspíra con baba de carracho unhas palabras de propina.


—Iso son mamonadas, rapaces. Dornas, dornas... non vos hai coma unha planadora de fibra con dous motores por fóra de douscentos caballos cada un. Cun barco nesas condicións tráiovos cantas sereas queirades.

—Cala a boca ti, papán —suspirachés—. Mancornáchéste con el a piques de trucalo.

—Non entenden nada —engadiches—. Eran outros tempos. Aínda se podía subir á pirulla do monte Liboreiro desde o alto do Hermelo. Agarraches encalmado a cadeira. Arriabas palabras contra a noite que ferían coma anzós.

—Non lle fagas caso ningún —arfei co alento canso de vogar nun neboeiro que non ten fin—; está embrutecido polo veneno do seu propio viño e as invernías en soildade desta illa sen almas.

Pero tí xa colleras o carolino polo cu do vaso e o estouraras contra o chan emporcallado de desmemoria, contornando unha pucharca de viño, na que trazabas, coa punteira dun bicheiro que alguén deixara arrimado contra a mesa, as travessías imaxinarias do retorno a unha nenez de pantalón branco, cholito de fibela oxidada e molladura debaixo do canalón do Concello, cun balón de coiro gastadísimo metido por debaixo do “jarsé”.





Debuxabas, no lameiro do viño con serrín, unha praia de rapetas e fogueiras, de aparellos a encascar e peixes abaneando nos tendais confrontados ás norestadas.

—Eu, de neno —díxenche—, recordo máis que nada a praia, tamén algo da escola na Capilla Vella, o fútbol na Alameda e andar a pedradas cos da Banda do Río agachados no salgueirón vello do Can do Penedo.

—¡Sae de aí, oh! —esta vez si bruaches—. Vós nunca nos escorrentastes ata termos que agarcharnos. Non, home, non —lanza o brazo para agarrarme polo pulso coa súa man de patrón de dorna—; erades frouxiños os de Pescadoira.

—Non eramos frouxos, eramos poucos e case todos das Meáns. Vós viñades en manadas de rillotes con cheiro a patente do estaleiro, a maga da conserveira, atravesando as baldosas da lonxa. Anunciando un tempo de sereas, enchiades de trompos o recheo da de Atilio.

—¿Tan lonxe empeza a ficar todo?

—Non sei. Pero cando volvo á casa dos alicerces mariños, abro un álbum e saes sorrindo na foto, collido polo ombro con outro *rapás*, enriba dun peirao que non existe. Preparo un café e penso que xa non estás nin ti. O outro rapaz son eu.

—¿Tan lonxe empeza a ficar todo?

—Chegabades enchoupidos ao recheo de Atilio, ¿non si? Detidos coma bois, remendados, coa mirada cravada no trompo deitado na terra, dentro dun círculo que concentraba todas as olladas.

Solermes, botabamos man ao peto, tirabamos fóra do pantalón un trompo nai. Envoltiámolo devagar coa liña das fanecas e levantabamos o brazo para que voase a esgazar un tempo rachado de berros e risos, de carreiras loucas pola praia a xogar cunha marea de trasmallos, onde nunca mallou a serea dos nosos soños envolta entre piardas.

O ruido dos tronos por riba de nós apagou as palabras e as bombillas na taberna de Checho. Só os flashes dos lostregos facían posible que nos miraramos en intres cegadores e rapidísimos, como secuencias a cámara lenta dunha mala película de medo. Saíches correndo ao camiño.

—Vente —berraches—, imos ver a treboada dende o Buraco.

Atravesamos as corredoiras entoxadas, coma denociñas asustadas correndo a buscar refuxio entre a braña. Pero nós seguiamos a correr, rabuñando as ganas por avanzar contra a chuvia.

Ao chegar, os alustres percorrían o ceo de Silleiro a Cabicastro. Ficamos enriba dun penedo, a carón do Buraco, a mirar aqueles lostregazos acendidos que baixaban das nubes para alumear as chairas do carromeiro.

—Quero facer unha foto, coma a que temos no peirao

de cando eramos rapaces. Ponte de pé.

Enriba daquel penedo agarrámonos co brazo por riba do ombro e estoupamos a rir mentres agardabamos polo lóstrego máis luminoso para tirar a foto. O trono que ía espertar a serea do seu soño mesquiño de ternos abandonados desde que baixaramos xuntos, escorregando escaleiras abaxo, pola praza da Quintana nunha táboa de madeira. Abaneáchesme polo ombro e amorriñaches.

—¿Dás-te conta? Do que falamos esta noite aquí non vai quedar nada. Coma de nós. *Talvés esa foto túa, a dos dous rapaces. Viaxará dentro dun álbum, amarelando, de man en man, de xeración en xeración, ata chegar á casa de alguén descoñecido que nos enxergará con curiosidade e se preguntará quén serían eses dous nenos que sorrín abrazados ao pé dun peirao cun *burás* pendurado dunha liña.*

Logo torciches o corpo e comezaches a mexar dentro do Buraco do Inferno.

—Non sei se me darán as forzas e as ganas, pero vou intentar mollarlle a cabeza, con ese vinagre que nos serviron na de Chacho, ao diaño que lle fixo esa desfeita ao monte Liboreiro.

Ao día seguinte embarcamos no peirao da illa naquel veleiro en travesía de terra a Ons, con dous mastros tan altos que navegabamos partindo as nubes pola metade. Ía cheo de turistas. Vendíanllas unha visita á cova na que viven as sereas. Un deles achegouse para que lle fixeramos unha foto: pasouche a máquina, situáchelo contra o costado de estribor e premiches no botón. “Xa está, non se debe nada”, comentaches. Deuche as grazas, detívose a mirar a pantalla para ver que tal saíra, estupefacto levantou a cabeza e miroute a ti, que lle sorriches. Logo virouse contra o mar e, nuns minutos interminables, agardou coma unha estatua antiga recuperada dos fondos mariños, agardou outro chimpón da serea. Coma se fose un arroás xurdindo do mar.





O estaleiro de Purro

Redacción

A CARPINTERÍA DE RIBEIRA

Os carpinteiros de ribeira constitúen unha parte esencial da cultura mariñeira, das súas mans nacen as embarcacións que permiten aos mariñeiros extraer os recursos do mar. A súa actividade orixínase na necesidade dos mariñeiros de posuér unha ferramenta que lles permita acceder aos distintos caladoiros para poder operar coas diferentes artes pesqueiras. É precisamente esta adaptación ao contorno no que se vai desenvolver, xunto coa actividade a que se vai adicar, a que determina as formas e a evolución das diferentes tipoloxías de embarcacións.

Estes artesáns pódense considerar como auténticos enxeñeiros, pois, apoiándose no saber popular transmitido oralmente de xeración en xeración, son capaces de realizar un producto tan complexo como é unha embarcación, no que entran en xogo un número moi amplio de factores, e só o equilibrio entre eles garante un bo resultado.

O capital humano da carpintería de ribeira procedía normalmente da aprendizaxe directa da profesión, mediante a iniciación –aínda xuvenil– nos obradoiros de traballo xa establecidos, resultando bastante común a transmisión familiar do oficio. Tamén era usual que mariñeiros autodidactas practicasen o oficio.

En Galicia, nas súas orixes, os carpinteiros de ribeira maioritariamente non tiñan instalacións fixas, desprazándose de praia en praia, ata o lugar onde tivesen o encargo dun armador, pero sempre buscando zonas abrigadas e calas nas que o mar non prexudicase a súa actividade. Segundo a dimensión da obra podían realizar un pequeno alboio cos sobrantes da madeira polo tempo que duraba a construcción. Non ocorría o mesmo naqueles núcleos relevantes de poboación mariñeira, nos que a

demandaba favorecía o fixamento da actividade (Ferrol, Vigo, ...).



A partir dos anos corenta resultou relativamente doados a obtención de concesións administrativas para a instalación de estaleiros, facilitándose a creación de infraestruturas fixas e estables mellorando as condicións laborais da profesión, pois o traballo xa non dependía das inclemencias meteorolóxicas.


A carpintería de ribeira, como outros moitos oficios que rodean a pesca de baixura, era un oficio humilde no que só en casos excepcionais conseguiron pasar de ser obradoiros a converterse en verdadeiras factorías industriais. Por isto os talleres son edificios sinxelos, normalmente construídos sobre unha base de pedra rematando o resto da estrutura con madeira que en moitos casos eran sobrantes da propia actividade do taller.

Na actualidade, estase a realizar un gran esforzo de recuperación e conservación do noso patrimonio cultural marítimo, tanto por parte da administración como por asociacións culturais, resultando a carpintería de ribeira unha parte importante dessa cultura; por iso temos que poñer os medios e preservar os elementos

relacionados con este oficio.



A CARPINTERÍA DE PURRO



O estaleiro da Banda do Río foi fundado no ano 1920 por José del Río Casal. Este carpinteiro traballaba nun taller situado na praia de Loureiro; posiblemente fose o taller de Benito Martínez Avilleira, que nese tempo tiña o seu obradoiro nesa mesma zona. Ao casar, José del Río Casal decidiu independizarse, solicitando unha concesión administrativa para ocupación de espazo público coa



finalidade de crear un estaleiro, na zona da Banda do Río.

Este obradoiro nos inicios só comprendía a parte máis próxima á rúa Montero Ríos. A elección desta ubicación para o obradoiro non é casual pois nesta zona dábanse as condicións idóneas: boas comunicacóns, por estar no medio da vila; unha praia abrigada que permitía facer as botaduras con tranquilidade; e por último a proximidade dun río. Trátase do río Bispo que nesa época aínda sen canalizar discorría a carón do taller, en cuxo cauce se enterraba a madeira como un tratamento de curación. Comentar a modo de anécdota que moitos veciños aseguran que cando se canalizou o río aínda había madeira soterrada.. Esta madeira, xeralmente carballo, estaba destinada á construción de elementos estruturais, a quilla, a roda e o codaste principalmente.

Este taller adicaba a súa produción a embarcacións de pequeno porte: gamelas, chalanas, lanchas xeiteiras, botes polbeiros e, incluso, se chegaron a construír unha ducia de traínas. Ademais de José del Río traballaba tamén un veciño de Cela, o señor Marcelino.

Esta parte máis antiga estaba formada por unha estrutura constituída por un tellado de dúas augas asentado sobre columnas de pedra. Nela albérgase un pequeno faiado no cal se atopa a "tronzadora", que é a máquina de afiado da serra de cinta; baixo este tellado está colocada a serra de cinta. A serra de cinta está montada dunha forma moi curiosa que sitúa a mesa da serra case que á altura do chan, contando ademais cuns raís; seguramente este deseño busca comodidade á hora de traballar con pezas de grandes dimensións. Esta máquina foi introducida no taller no ano 1945, e era movida por un motor de gas-oil e a máquina de "regruésar" as táboas. Estas dúas ferramentas son a innovación tecnolóxica máis destacada deste oficio e constitúen unhas ferramentas imprescindibles na actualidade, estando presentes en todos os talleres que seguen en activo.

Noutra parte do taller situábase unha pequena oficina, a cal foi construída aproximadamente no ano 1960, polo mesmo tempo que o muro de bloques da fachada (mandado construír por orde do alcalde Massó) e que facía as funcións de almacén para gardar as ferramentas; este elemento foi engadido posteriormente nunha ampliación levada a cabo por outro propietario.

No ano 1938 o estaleiro foi comprado por Rosa Cortizo Cerviño, para o seu fillo José González Cortizo. Ao xubilarse este carpinteiro, a actividade pasou a mans do seu fillo Manuel González Ferradás, ao finar o anterior carpinteiro. Con este cambio de propietario o taller incrementou a súa actividade pasando a construír embarcacións de maiores dimensións, a razón de dúas por ano, sen contar as embarcacións de pequeno porte que seguían a se construír como complemento da actividade.

Este aumento da produción viuse reflectido no número de traballadores, oito empregados nas épocas de maior actividade. Cabe destacar a dous destes operarios, os irmáns Lamosa, que eran os encargados de botar a madeira no monte e preparar as táboas, empregando para este fin a serra portuguesa. Esta elección e preparación da madeira no monte remontase aos mesmos inicios da carpintería de ribeira, e resulta curioso comprobar como se mantivo ata hai pouco tempo.

Coa implantación do motor como método de propulsión principal, as embarcacións aumentaron as súas dimensións, o que fixo necesario a ampliación das instalacións. Ampliacións que se realizaron en varias fases e que lle conferiu o aspecto tan peculiar que presenta na actualidade. Estas obras realizáronse ao redor do ano 1975, primeiro cara á serra de Freire e logo cara ao mar.





No ano 1988 constrúese un muro de abrigo para protexer as casas das maruxías; esta obra provocou a destrucción das vías de varada do estaleiro. Esta estrutura estaba composta por tres raís paralelos, dous laterais á mesma altura e o central máis baixo, a modo de "v". Estes raís apoiábanse nuns pilotes de madeira enterrados na area da praia; as vías tiñan unha lonxitude aproximada de 30 metros.

A perda desta infraestrutura provocou que entre os anos 1986 e 1988 se construísen dous barcos a carón do porto pesqueiro, nun alboio levantado para esta obra: o primeiro foi *O Galaico* que tiña unha eslora total de 21.70 metros e 16 de quilla. A súa manga era de 6.20 metros e tiña un puntal de 2.52 metros; é un dos de maiores dimensións construídos por Manuel González Ferradás. Aproveitando a infraestrutura, Purro construíu despois para si un barco da batea.

Outra embarcación salientable polas súas dimensións foi *O Sibaniño*, botado no ano 1973, que tiña 19 metros de quilla. Precisamente o seu tamaño provocou diversas curiosidades: durante a súa construcción ocupouse parcialmente a rúa; o carpinteiro comentou a modo de anécdota que a proa estaba tan preto das casas de enfrente que cun pequeno salto se podía pasar do balcón ao barco; na botadura as vías de varada cederan polo peso, provocando que a embarcación quedase detida no medio do seu percorrido sen chegar ao mar, prolongando a botadura ata a seguinte preamar despois de solucionar o percance.

O outro espazo da carpintería é aquel descuberto orientado cara ao actual paseo da praia, destinado á almacenaxe e secado da madeira, xeralmente formando tesoiras verticais.

A implantación das bateas nas Rías Baixas abriu un novo mercado para os carpinteiros de ribeira, e supuxo unha carga de traballo importante durante estes últimos anos.

O estaleiro de Purro está ligado intimamente á historia marítima recente do concello de Bueu: foi a derradeira carpintería de ribeira en activo; nela traballaron e se formaron moitos profesionais e veciños nosos; nela construíronse infinidade de embarcacións, moitas delas en activo na actualidade. O seu peculiar aspecto converteuse en parte da paixaxe urbana de Bueu, actuando como referente do noso concello

unha vez destruídos aqueles outros bens urbanísticos susceptibles de ocupar tal lugar (fachada da fábrica de Alonso, ...), de modo que nalgúns páxinas web publicadas en Internet aparece como un símbolo tanto da vila como da carpintería de ribeira. Son tamén varias as publicacións de diversos autores que fan mención a este taller.

A súa imaxe é un vinculo de unión entre o pobo de Bueu e o seu pasado, sempre vinculado aos barcos e o mar.

O FUTURO


Son moitos os exemplos existentes tanto aplicados á carpintería de ribeira en concreto como aqueles outros de recuperación etnográfica nas súas múltiples facetas repartidos por toda a xeografía europea. Neste caso de Bueu, a actuación sobre este taller móstrase como un exemplo de conservación e revalorización da cultura tradicional. Non se trata de aplicar ningunha solución preexistente senón de buscar unha solución adaptada ao contorno social no que se pretende desenvolver a iniciativa.

Para iso, resulta preciso iniciar un proceso que valore todas aquelas ideas sobre as diferentes actividades ou usos que se poderían dar ao estaleiro de Purro. Que dúbida cabe que o primeiro paso sería a realización dun amplio proxecto museístico, no que se valorasen todas as posibilidades, así como as reformas ou arranxos precisos para o desenvolvemento das diferentes actividades ás que se poida adicar, sempre coa temática da carpintería de ribeira como eixo vertebrador.

Propónse tamén o desenvolvemento dunha parte viva, na que se trataría de ter unha actividade que permita aos visitantes poder seguir de cerca a construcción dunha embarcación, e poder observar as diferentes técnicas que empregan estes artesáns para crear unha embarcación a partir dunha morea de táboas.

O estaleiro de Purro constituiría, xunto co Museo Massó e as embarcacións da Asociación Os Galos, un referente da cultura marítima, podendo converterse o obradoiro nun elemento único e diferenciador da nosa vila, favorecendo o seu atractivo non só cultural senón tamén turístico —non debe esquecerse que o Museo Massó tivo o ano pasado 20.000 visitas—.



Co pulo que está vivindo este universo etnográfico





a escala europea, dende a Bretaña francesa ao Mediterráneo, sen esquecer os países nórdicos ou os Países Baixos, a recuperación do taller de Purro contribuiría a estabilizar e focalizar en Bueu a oferta etnográfica de carácter marítimo da comarca de Pontevedra, creándose ao mesmo tempo os elementos necesarios para afrontar o liderado nas Rías Baixas, ou o que é case o mesmo, en Galicia.

Por todo isto o noso pobo ten unha oportunidade única.



UNHA EXPERIENCIA SEMELLANTE

Astillero "Ontziola"

<http://www.albaola.com/secciones/ontziola/>

¿Qué es Ontziola? Ontziola es un Centro de investigación y construcción de embarcaciones tradicionales. Fue inaugurado en junio del 2000, gracias a la colaboración entre Albaola y la Agencia de Desarrollo Comarcal cuya dedicación e interés hizo posible este proyecto.

El trabajo en Ontziola comienza con una exhaustiva investigación, con el fin de conocer la morfología de las embarcaciones que han sido características de la costa vasca. A continuación se construyen réplicas rigurosas de ellas a la vista del público, el cual es testigo del proceso artesanal, y puede seguir todas las fases del trabajo, desde la quilla hasta la botadura.

Ontziola es, para la asociación Albaola, el medio de recuperar la tipología específica de las embarcaciones tradicionales vascas. En ellas hay una adaptación óptima al medio físico para el que fueron concebidas, a las funciones para las que fueron diseñadas y también al colectivo humano que las construía y tripulaba.



Vistas panorámicas da costa vasca



Alá no medio do mare

La Wanda do Río



Foto N. Hermansson. 1964

O TEMPO E O SEU CONTEXTO. THE WAY WE WERE

Corría o ano 1964; os Beatles, xa de fama mundial, non paraban de dar concertos e de editar Singles e Lps, e The Shangri-Las rachaban nas listas americanas co seu éxito "Walking in the Sand". Mentre, no noso recuncho do noroeste ibérico recibíamos con estraneza a Staffan Mörling, un particular *beach boy* que, tras longas pescudas nos mapas, atopara en Ons o seu *utoyggj*; un territorio de difícil acceso que mantiña case que intactos os vellos costumes e onde podería estudar os trazos da unidade cultural da Europa Atlántica.

A chegada de Mörling coincidiu co Primer Plan de Desarrollo e cos primeiros repartos de leite en po nas escolas públicas cos que o amigo americano pagaba ao réxime os acordos de defensa e, pasado xa o período de autarquía, a entrada masiva das súas inversións. Naqueles anos, aínda mergullados nos "Principios del Movimiento", percibíamos a nosa realidade fragmentada, nun tempo no que todo empezaba a bulir máis de presa, no que todo o novo era mellor, e os anaquiños do noso pasado non significaban máis que a noción dun atraso a superar. Os gobernos tecnócratas deron paso a esta superación imponendo un modelo de desenvolvemento económico máis racional seguindo as pautas da ortodoxia capitalista. Aprobáronse as Leis de Prensa e de Libertad Religiosa e os emigrantes e os turistas non só foron fonte de entrada de divisas senón tamén de novos costumes.

A apertura ideolóxica xa non tiña paraxe e o estoupido económico notouse na taxa de natalidade e na renda *per capita*. ¿Que familia non mercaba un

"seiscientos", un televisor ou un frigorífico? Tiñamos todos presa por espiollarnos, por ser outros. Empezamos a falar só en *castellano* facendo derrapes polo diccionario e botamos unha placa enriba da casa vella; xa non fixo falla calear na primavera: os revestimentos con plaquetas coloristas, como cuartos de baño cara fóra, marcaron a diferenza dunha prosperidade e dun gusto estético dubidoso que durou demasiados lustros. Pero como a casa aínda lembraba os cementos do vello, houbo que poñer máis distancia e fomos vivir ás gaiolas dos ensanches de Vigo e A Coruña, polos do desenvolvemento industrial galego. Así, a avenida das Camelias, de expansión parella á da flota conxeladora viguesa, converteuse nunha sucursal do Morrazo, daqueles que facían cartos coma area embarcados nos buques factoría dos caladoiros de Sudáfrica, Malvinas, Boston, Noruega ou Mozambique, nos tempos de fartura pesqueira nos que o mar aínda non tiña cancelas.

NAMORAMENTO. A SETE MILLAS NÁUTICAS THE WIND BLOWS FREE

O bo latexo do Mörling mozo foi quen de apreciar que a parte de nós máis interesante e digna de estudio non estaba nesta fervenza de "desarrollismo" sesenteiro, senón que se atopaba resistindo en Ons en forma de grupo social cohesionado, consciente da súa identidade e cunha cultura propia delimitada pola mesma insularidade. A illa agachaba un tesouro, a parte fundamental da nosa esencia de pobo mariñeiro, o couso e o arca das nosas orixes. Así, despois de fuxir da nosa propia imaxe colectiva coma da fame, a circunstancia aparentemente fortuita do asentamento dun sueco a Ons veu supoñer, seguindo o exemplo do conto de Andersen, o proceso de reconstrucción dun espello esfanicado que recobrou a súa imaxe cando, por fin, nos puidemos mirar a nós mesmos tal como eramos, sen complexos e con criterio de realidade.

Procedente da península escandinava pero de inequívoca vocación illana, Mörling atracou en Ons impulsado dende as Féroe polo seu afán investigador e enseguida atopou parecidos coas lonxanas Shetland; a sete millas náuticas de Bueu "the wind blows free". Nos montes de Ons, aínda sen repoboar con eucaliptos, o vento asubiaba ceibe e deixaba sentir, amplificados, os sons da vida da illa; as badaladas das ondas rompendo nas pedras, os motores dos barcos de pesca, os nenos



escorrentando as bandadas de corvos das leiras de millo, as cancións tradicionais que cantaban os mozos cando ían co gando, e as voces, febles pero perceptibles, das mulleres que chamaban aos seus para comer. Voces que falaban en galego, un idioma que descoñecía pero co que conectou de inmediato ao recoñecer subxacente o latín no que tomaba os seus apuntamentos escolares en Suecia. A paisaxe humanizada completábase cos pastos de cor verde esmeralda, coas terras de labradío ben traballadas con cultivos de millo e patacas, e coas casas e os alpendres aniñados como tartarugas na pendente das ladeiras á procura da protección dos temporais. Unha arquitectura tradicional feita de xeito elemental cos cachotes de pedra da propia illa, que falaba moi do carácter dos seus habitantes, xente moi intuitiva e con gran capacidade para superar as dificultades, resolvendo a vida con solucións prácticas; porque para eles vivir na illa era como adaptarse ás condicións de a bordo dun barco fondeado no medio mar.

CODA. LOOKING GLASS SELF

Lonxe deses expertos dogmáticos que se señorean no alto dos pedestais das teorías baldeiras sen coñecer a realidade da que falan, Staffan Mörling, dende a modestia do home sabio, fixo un traballo metódico e disciplinado que só entendeu mergullándose na vida da xente, compartindo a cultura estudada. Como o mesmo vento, o sangue dos illáns tamén corría ceibe nas súas veas; e foi un mariñeiro máis a bordo das dornas vogando dende a praia de Curro para pescar polbos no Centulo, aprendeu a “xogar a caña”, a sentir a forza dunha “vela de vento”, a iscar as rañas e zafalas do fondo coa estronca, a botar unha liñada para os congros na parte de fóra da illa, a vender os lotes en Portonovo e a recoñecer a illa só polo cheiro cando viñan de volta. Pero sobre todo foi feliz, feliz nun espazo feito á medida do ser humano, onde a natureza tiña un tempo e o debullar da vida se axeitaba aos ciclos dessa natureza: o diario do sol, o mensual da lúa e o anual da terra. Non facía falla mirar o reloxo, nin consultar o parte meteorolóxico, nin dispoñer de medios de orientación; só había que estar impregnado da experiencia da vida na illa e recoñecer os sinais da natureza coma os dunha partida á brisca. Tamén foi feliz compartindo a festa rachada nos bailes que se organizaban na acera de Acuña ou

na taberna de Checho amenizados polos discos de Los Tres Sudamericanos, os auténticos reis dos Mambos e das Cumbias dos anos sesenta; e escoitando a retesía das estrofas a desafío entre o señor Cachote, o carpinteiro, e o señor Muñiz, e máis os contos e as lendas que só saben os da illa. Así descubriu que en Ons as nenas nacían como só o poden facer as deusas, emerxendo na praia de Canesol dentro dunha cuncha de vieira e que ao pouco tempo xa repenicaban descalzas na area *beillando* muiñeiras; e cando lles chegaba o tempo de falar de amores, vestíanse de lúa, collían o balde e ían por auga á fonte porque sabían que, ben no camiño de ida ou no de volta, atoparían agardando ao seu namorado. E todo isto ben o sabe Staffan porque, como é coñecido por todos, casou en Ons con Chefa, alumeadora de camiños e filla de Aurelio Otero.

Poida que só fose o interese etnolóxico polas illas, ou se cadra, cando chegou a Bueu seguindo o bo consello do seu amigo César Portela, ao virar a Pedra Branca e a Punta do Cabalo quedou enfeitizado coa imaxe do sol deitándose no berce dos ondulantes montes de Ons, alá no medio do *mare*... O certo é que Staffan Mörling veu para quedar, para ser un de nós e devolvernos, dende a súa mirada azul, unha parte do sentimento de identidade, da conciencia de ser e de “ser *esi*” que tiñamos esquecida ou mal asumida. Como escribe García Márquez, un home empeza a madurar cando ao mirarse no espello recoñece o seu pai. Staffan mirouse no espello do seu sogro e agora regálanos o del para que poidamos medrar. Porque mirarse, é necesario para saberse.

E ben volo digo porque el mo aprendeu.



A Staffan Mörling con agarimo

Redacción



Foto Amando

O ACTO

No Centro Social do Mar de Bueu celebrouse o xoves 19 de xaneiro un acto público de homenaxe ao profesor Staffan Mörling, excepcional exemplo de adicación á investigación etnolóxica, que fixo, e fai, unha excelente contribución ao coñecemento e difusión do patrimonio galego coa análise da identidade económica e cultural das comunidades mariñeiras; isto significou un punto de partida para a recuperación dun patrimonio marítimo xa case que esquecido, e foi un dos factores determinantes que fixeron agromar as actividades da Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos.

O acto estivo presidido e conducido pola conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, dona Carme Gallego Calvar, que cedeu a quenda de palabra a cada un dos intervenientes e destacou no seu propio discurso que: "Os galegos temos unha débeda con el; pola obra que hoxe reconecemos, pola súa dedicación e rigor ao estudo da nosa cultura mariñeira que deu lugar a dúas




Foto Amando

publicacións tan senlleiras como *As embarcacións tradicionais de Galicia* e *Lanchas e dornas*, e sobre todo polo seu amor a Galicia e a súa cultura mariñeira. Como conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, quero agradecer publicamente a colaboración xenerosa e paciente, minuciosa e esixente que mantén coa Consellería".

O acto, ao que asistiron máis de 300 persoas entre amigos, alumnos e xente de Bueu en xeral que encheron a plan o salón de actos, tivo o seu momento culminante cando o profesor Mörling, visiblemente emocionado polo recoñecemento, tomou a palabra.

Este acto central, precedido dunha ceremonia celebrada no salón de plenos do Concello de Bueu, na que se lle concedeu ao profesor Mörling o título de Fillo



Foto Amando

Adoptivo e se lle impuxo o escudo-insignia da vila, tivo o seu remate nunha cea de agasallo ao homenaxeado no restaurante do Hotel Bueumar onde, xa dun xeito máis distendido, todos os asistentes puideron gozar da compañía e do conxuro dunha queimada oficiada en latín por Mörling.

Incluímos, como parte especialmente interesante desta homenaxe, a transcripción do discurso que pronunciou no acto o comandante-director da Escuela Naval Militar, don Francisco Javier Franco Suances, e que acadou o equilibrio xusto entre o recoñecemento formal do oficial da Armada e a visión afectiva, e totalmente descoñecida para nós, do profesor Mörling desde a perspectiva do alumno garda mariña. Un discurso cheo de anécdotas vividas que enseguida conectou coa complicitade do homenaxeado e de todo o auditorio.



Foto Amando

DISCURSO ÍNTEGRO

Francisco Javier Franco Suances, Comandante-Director de la Escuela Naval Militar de Marín

La vinculación de Mr. Mörling con la Armada Española está profundamente enraizada desde que su pasión por el mundo de los barcos antiguos le trajo a Galicia, y su amor a esta tierra le animaron a aceptar en 1966 un puesto de Profesor Civil de Idiomas en la Escuela Naval Militar.

El 31 de diciembre de 2001 Mr. Mörling se jubilaba tras treinta años de enseñanza en la Escuela, habiendo pasado por sus manos más de tres mil alumnos.

Prácticamente la totalidad de los oficiales en activo de la Armada ha aprendido inglés con Mr. Mörling.

Este increíble bagaje conforma un cúmulo de anécdotas por las que transpira y se dibuja la gran humanidad y rica personalidad de nuestro homenajeado.

Permítanme que, como uno más de esos tres mil alumnos que aprendieron inglés gracias a Mr. Mörling, y viajando en el “túnel del tiempo”, me retrotraiga a mis felices años de estudiante para rememorar algunas de esas anécdotas, unas vividas personalmente, y otras extraídas de los “mentideros y chascarrillos” de las aulas estudiantiles.

Mr. Mörling ha sido un profesor de los que nunca se olvidan, de los que se recuerdan con profundo afecto y con una entrañable sonrisa.

Comentan algunos de mis antecesores que Mr. Mörling, en sus comienzos en la ENM, aún con pocos conocimientos de español, recurrió a los alumnos más

avanzados en inglés, hoy muchos de ellos almirantes, para preguntarles sobre la traducción al castellano de alguna palabra, lo que ellos aprovechaban para bromear cambiando la palabra real por alguna otra malsonante; era entonces cuando sus colegas militares del claustro tenían que entrar en acción para aclarar y corregir la situación. En ese momento, él mostraba sus particulares dotes de extraordinaria paciencia y mayor comprensión hacia sus rebeldes pupilos.

A pesar de ser extranjero y profesor civil, nosotros lo veíamos como el más militar de nuestros mandos, y paradigma de la rectitud: siempre puntual, meticuloso, serio y muy correcto en el trato con unos alumnos que empezábamos sus clases con un chistoso juego de palabras: “Good Mörling, Mr. Morning”.

Lo cierto es que Mr. Mörling nos enseñó a descubrir los entresijos del inglés, a la vez que ampliaba nuestras mentes con escogidos textos de Historia Naval que, con gran esfuerzo, debíamos aprender de memoria para fortalecer nuestro vocabulario: o bien, seleccionaba las últimas grabaciones de la BBC para mejorar nuestro nivel de comprensión y mantenernos al día acerca de la situación mundial.

De su interés por la enseñanza y por nuestra formación da buena cuenta el hecho de que, aprovechando sus vacaciones en Inglaterra, visitara en más de una ocasión, y por su cuenta, la Escuela Naval de Dartmouth en busca de textos y películas en inglés interesantes para nuestra profesión militar.

Su especial talante y ese porte peculiar con sus originales chaquetas y corbatas, y el reloj de bolsillo, fueron protagonistas de muchas viñetas que con cariño y respeto le dedicaban los alumnos en la revista escolar llamada *Tambo*.

¡Y tengo que decir que había caricaturas bastante buenas!

Muchos recuerdan, también, su animada participación en las cenas y fiestas que organizaba el Club Naval de Oficiales de la Escuela, a las que nunca faltaba, y que amenizaba en muchas ocasiones con los sonidos de su gaita. Destreza que quizás algunos de los aquí presentes no conozcan.

También son inolvidables esos *conxuros* de la queimada que Mr. Mörling iniciaba en latín, continuaba en gallego, para culminar en sueco...

¡Hasta las meigas venían a escucharlo!

Comprometido con los problemas de la región, luchó en la búsqueda de firmas para evitar que se suprimiera el ferrocarril que desde las Rías Bajas llegaba hasta el mismísimo Ferrol y que, por tanto, era de gran utilidad para muchos de nuestros alumnos que tenían allí a sus familiares; y es que Mr. Mörling no sólo estaba



interesado por las cosas de la mar. Su mente inquieta, abierta e increíblemente singular, le animaba a enriquecerse con largos viajes, que sin ninguna duda tenían que ser en tren.

Claro, se me olvidaba decirles algo que a lo mejor



Foto Amando

tampoco conocen, y es que, después de las dornas, Mr. Mörling posee otra gran afición que no es otra que su pasión por el ferrocarril, lo que le llevó incluso a colocar en su casa de Suecia la sección de una máquina de tren real sobre su vía correspondiente.

Pero al margen de ese entrañable perfil humano, y ya desde un punto de vista institucional, hay que resaltar que la Armada está profundamente agradecida a Mr. Mörling, no sólo por la indiscutible calidad de su enseñanza sino, sobre todo, por su plena dedicación, en un momento de transformación en el que el inglés pasó

de ser un conocimiento colateral en la carrera naval, a una asignatura básica, que debía permitir a nuestros futuros oficiales operar juntos y discutir, en igualdad de condiciones, con nuestros aliados, cualquiera que fuera el asunto tratado.

Hoy los foros de las organizaciones internacionales con cometidos en materia de defensa están repletos de sus viejos alumnos, que en la lengua de Shakespeare defienden brillantemente los intereses españoles.

Como profesor civil de la Escuela Naval Militar representó, asimismo, un modelo de conducta para todos los guardiamarinas y el resto de profesorado pues, como ya les he comentado, a su sólida educación unía múltiples cualidades que constituyen, también, una referencia para todo militar, como son: la puntualidad, la corrección en el trato, la entrega absoluta a la docencia, la justicia, la lealtad, su impecable presencia y su entrañable humanidad.

Finalmente, como ha quedado aquí constatado, el hecho de su plena dedicación a los temas navales, hizo que de su pluma saliesen brillantes artículos que ocuparon las páginas de prestigiosas revistas como: *Navy News*, *Warship*, o el *Proceedings*, así como colaboraciones en la *Revista General de Marina*. Además, con sus diferentes trabajos de investigación, ha colaborado activamente en fomentar y exportar nuestra cultura marinera allá por tierras escandinavas.

Para terminar, sólo me queda decir que, para todos los que vestimos el uniforme de la Armada, es motivo de orgullo y satisfacción el que un ciudadano de la lejana Suecia, ejemplo de virtudes cívicas y morales, nos haya elegido para compartir su vida y experiencias. No me alargo más. Como siempre decía Mr. Mörling al finalizar sus clases: "*The class is over and you can leave*". *Thank you very much, Mr. Mörling.*

Muchas gracias.

A Banda de música da Escola interpretando a *Marcha dos Infantes*



Foto Amando



Humor

Luis Davila



■■■ Un barco pirata fondea en Beluso

Alberto Fortes

10 DE ABRIL DE 1828: UN BARCO PIRATA FONDEA EN BELUSO

A meirande parte das noticias que temos dos feitos de Benito Soto, o famoso pirata da Moureira de Pontevedra, chégannos dun libro de Joaquín María Lazaga titulado *Los piratas del Defensor de Pedro* que contén o “extracto de las causas y proceso formados contra los piratas del bergantín brasileño *Defensor de Pedro*, que fueron ahorcados en Cádiz en los días 11 y 12 de enero de 1830, seguido de un compendio de la causa y juicio sustanciados en Gibraltar contra el capitán de los piratas, Benito Soto, ejecutado en la horca de la misma plaza”.

Segundo o testemuño que os seus compañeiros dan en Cádiz, Benito Soto era alto, picado das vexigas, de barba mesta, co dedo maimiño da man dereita encollido e cunha cicatriz no xeonlllo derecho.

En novembro de 1827 enrólase en Río de Xaneiro como segundo contramestre do bergantín *Defensor de Pedro*, de 224 toneladas, armado con sete canóns e corenta persoas de tripulación, coa facultade para andar a corso contra a República de Bos Aires e empregarse igualmente en mercancía onde lle conviñese e fose lícito; pero o seu verdadeiro destino era traer un cargamento de “ébano” dun porto inmediato ao cabo San Pablo, no golfo de Guinea, onde fondean o terceiro día do ano 1828. Aproveitando a estadía en terra do comandante e boa parte da tripulación, Soto amotínase seguido dunha ducia de fieis. Pensa primeiro en asaltar os buques negreiros para roubarlles o seu cargamento e ir vendelo á Habana, pero finalmente parece decidirse por facer unha expedición pirática e levar o seu froito a Pontevedra.

Os buques asaltados son a fragata *Morning Star* (inglés), o bricbarca *Topaz* (norteamericano), o bergantín

Ceesnok (inglés), o bricbarca *Sumburg* (inglés), o bergantín *New Prospect* (inglés) e a fragata *Hermelinda* (portuguesa).

O xoves 10 de abril de 1828 fondean os piratas na Pedra Branca de Beluso, co seu buque cargado dun suculento botín obtido trala abordaxe e asalto dos mencionados buques. Traían a bordo dous ou tres arcóns con alfaias de prata e ouro, diñeiro en moedas de varios países, bolsiñas con pedras preciosas da India e nas adegas 28.000 panos de seda en 80 fardos e 42 sacas de café de 125 libras cada unha. Lévanse os arcóns a terra nun galeón sardiñeiro e acórdase aduanar o cargamento de sederías na Coruña, para onde saen na madrugada do sábado 19 de abril.


Despois de ter descargado na Coruña, saen apresuradamente ante o temor de infundar sospeitas. Pero un erro fainos embarrancar en Cádiz, onde tras uns días de esmorga son apresados, xulgados e aforcados, e as cabezas dos principais cravadas en escarpas á beira do mar para o público e xeral escarmiento.

Soto logra escapar de Cádiz a Xibraltar, onde correrá a mesma sorte que os seus compañeiros das mans dun tribunal inglés o 25 de xaneiro de 1830. Testemuñas presenciais contan que no momento do aforcamento se produciu unha desagradable sorpresa, pois os pés chegaban a tocar no chan, polo que houbo que escavar debaixo deles para que morrese.

Benito Soto posúe todos os elementos dun pirata que se prece: unha serie de sanguentas fazañas ás súas costas, un tesouro desembarcado e escondido en terra firme e o feito de morrer na forca.

Fondeou na Pedra Branca un xoves 10 de abril de 1828, e alí ficou ata o sábado 19 no que desembarcou o seu tesouro por medio dun galeón.


A lenda do seu tesouro aínda segue viva a día de hoxe.





Alberto Fortes (Pontevedra, 1964)

Estivo enrolado en barcos pesqueiros nos mares de Sudáfrica, Gran Sol, Azores e a costa portuguesa. Actualmente continua traballando no mar a bordo das embarcacións de Aduanas. É autor das novelas *Amargas han sido las horas* (Península, 1998), *O violín de Sarasate* (Cumio, 2002) e *Tristemil* (Sotelo Blanco, 2004). Tamén publicou o estudo histórico *Navegantes corsarios e piratas: Rías Baixas 1780-1850* (Portos de Galicia, 2001) e *Memorial de a bordo* (El Cobre, 2004), unha viaxe nos barcos más famosos da literatura universal, onde mestura a ficción e o ensaio. O seu último libro titúlase *O corsario. Vida e tempos de Juan Gago de Mendoza* (Xerais, 2005) e vén sendo un relato histórico sobre a vida do corsario galego do Morrazo.




Pedra do Cabalo. Beluso



Cheminea

Redacción

Todos os datos nos confirman que Bueu era unha vila sustentada por tres grandes piñares: a pesca, a industria conserveira e a construcción naval, as fontes de riqueza do século XX. Recentemente os veciños de Bueu pudemos comprobar como unha das obras "emblemáticas" da nosa historia era desprazada uns metros do seu enclave orixinal: a cheminea da desaparecida fábrica de Massó.



Atrás quedan as lembranzas da serea, o "ghrifo", que nos espertaba tantas mañás para chamar ao traballo a moitas familias da vila que acudían, día tras día, para gañar o xornal tan necesario en cada casa. Foron anos difíciles, anos de fame, de guerra e de emigración. A fábrica non soubo, non quixo ou non puido sobrevivir e, tras case sesenta anos de enfurecida actividade, a cheminea definitivamente apagouse a principios dos anos oitenta.

Non libre de sospeita de se ten ou non valor artístico, arqueolóxico ou patrimonial..., ten o valor que lle queiramos dar. Incluso podemos imaxinar que, se se pode trasladar uns metros, máis fácil será rotular tamén os nomes de Atilio e Alonso... ¿por que non?


Hoxe en día está en proxecto a construcción de edificios no solar da fábrica, pero a cheminea (aínda que sen fumes) consegue salvarse da desfeita. A empresa propietaria dos terreos e o Concello acordan indultala da ruína ou destrución.

Quedará formando parte da heranza colectiva dos buenenses, ergueita e muda, apuntando ao ceo sen contaminalo. Esta vez non dá vida... pero énchenos de recordos que conforman e completan a nosa historia ao redor do mar.



■■■ Humor

Luis Davila





SÁBEME

a túa pel tersa
a centeo das rochas
acugulado de aires oceánicos, vendavais, brisas suaves
e círculos perfectos de aves atlánticas.

Percorrendo cobizada o teu corpo,
atopo buguinas nacaradas nas túas axilas,
sabores a sal,
deliciosas algas,
nádegas incríbeis e nadadoras,
columna vertebral elástica e fragrante,
movimentos amplos,
palpitares intensos.

Procuro a túa lingua entre os beizos tremecentes
e é a túa boca marusía incesante, espacio de auga
en movemento,
saír e entrar de líquido,
pracer belísimo,
fermoso rezumar de amor e flores brancas.

O teu corpo lévame onda as rosas profundas
e ofrécemelo gustoso un ceo de grans brillantes.

Quero as cunchas do teu tórax, as ondas do
teu lombo,
os ruídos mariños,
o xemer deste océano de augas altas e intensas.

Esvaran polas túas inguas pequenos anacos de mar
e déixome levar polas sinuosidades diúrnas.

Lucía Novas

Este poema pertence ó libro da autora *Epiderme de estío* (2001, Espiral Maior)



PROCURAMOS

a transparencia do mar, as axitáis
da resina, os carromeiros, a horizontalidade
na mañá luminosa,
as aves salvaxes, o recendo da brea.

Procuramos a riqueza, a fecundidade, a semente
das ondas, as cuncas
tan limpas, os peixes creados coas mans, o traballo
elevado.

Procuramos a frescura, as madeiras
ateigadas de océano,
a nítida viaxe ás Illas, as herbas sobre os cons,
o salitre que agarima
entre o vento
suave, delgado, clamor
no mediodía de estío (os lagos resplandecen
luminosos).

Procuramos unha terra non chousa,
aberta ás marés, aberta a este futuro, axitada
por vendavais, estremecida
de orgullo
pola forza e a intelixencia
que nos conducen á unión das nosas mans.

Procuramos a penetrante visión daquel océano
tan calmo
no final da tarde, na presencia
do centeo, dos toxos erguidos.

Procuramos os camiños sinuosos, as terras
endurecidas, as carrascas tremendas, as xesteiras
levantadas.

Procuramos o riso, a alegria, a fartura das mans,
a dignidade das vilas,
as vivendas
abertas ó futuro.

Procuramos o Atlántico, as faces alzadas, os alimentos
míticos, as redes inzadas de sal, os
cons
escalazados, a nortada
luminosa.

Coa aldraxe nas nosas rochas, co orgullo da nosa xiria
revolta,
procuraremos un futuro
agromado da dignidade...

Lucía Novas



(Poema recollido no volume colectivo *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Vigo: Federación de libreros de Galicia, Espiral Maior, Xerais)



■■■ Recuncho literario

Gañador no concurso literario 2006 "Un traballo por un paseo". Categoría Primaria

Autora: Beatriz Vidal

Colexio CEIP Montemogos, Beluso

UNHA NOITE DE ENSOÑO

Todo aconteceu un día de verán, no que meu pai e eu decidimos ir navegar para probar o barco veleiro dun amigo.

O día era fermoso, con sol, unha lixeira brisa facíanos navegar a vela. Era moi cedo, recordo que cando saímos da casa collemos roupa de abondo por se ía frío, unha boa empanada de millo e unha neveira con froita e bebida. Cando íamos polo peirao, sentíame moi feliz porque ía pasar o día no mar co meu pai e recordo que non me daba chegado o momento de zarpar. Lembro o momento no que meu pai me deu a man para embarcar naquel barco. A min parecíame enorme: era unha dorna de madeira, agas unha franxa azul que percorría de proa a popa, lugar este onde estaba o seu nome, *Desafío*. Todo un nome, como non, era o desafío ao que eu me enfrentaba. Meu pai, como bo patrón, fíxose co temón do barco e saímos do peirao remando. Fomos deixando atrás o porto e comezando a nosa aventura.

Estaba moi nerviosa; pero ao mesmo tempo moi feliz, pero cando máis se me arrepiaron os pelos foi ao saír da zona onde estaban as bateas do mexillón cando o patrón me dixo:

—¡Temoneiro, ao temón!

Eu quedei petrificada, non sabía que facer... pero rapidamente me puxen no personaxe que meu pai me explicou.

—O temón cóllese así. No mar non hai esquerda nin dereita, senón babor e estribor. Cando eu che diga que xires, ti faralo amodiño seguindo a onde eu che indique.

—¡Sí, señor!


Meu pai izou a vela e dábame as indicacións. Pasamos así ata media mañá que paramos a almorzar froita e empanada.

Máis tarde ensinoume lugares da costa que eu coñecía por terra, pero non tiña visto dende o mar. Cando íamos preto das rochas, collía o temón meu pai pero, cando non había risco, el tumbábase ao sol, sempre vixiante coa escota na man, e fáme guiando a min. Era perfecto.

Cerca do medio día, chegamos a unha illa moi coñecida por min xa que os meus pais son de alí. Atracou o patrón o barco porque é difícil xa que hai moitas rochas, e fomos comer.

Ao rematar, demos un paseo para facer a dixestión e despois fomos á praia nadar un pouco.

A media tarde volvemos ao barco... recordo que ía comendo un xeado de amorodo, que me encantan. Collemos o barco e tanto patrón como temoneiro nos fixemos ao mar, esta vez camiño da casa porque se facía de noite. ¡Unha noite de ensoño!



1º clasificado no concurso literario 2006 "Un traballo por un paseo". Categoría ESO

Autora: Sara Garrido López

Centro: Illa de Ons. Bueu

MIAES

O meu avó Xosé ten unha dorna e sempre me fala dela e de todo o que ten pescado alá pola illa de Ons, onde naceu e viviu moitos anos.

Meu avó nunca se cansa de contar historias dos seus días de pesca de polbo, centolas, luras e todo tipo de peixe. Segundo el, ten deixado de pescar por non ter sitio a bordo onde meter tanto. O polbo e as centolas eran o seu forte.

¡Iso si que era pescar! ¡Agora xa non queda nada! ¡Non é coma antes! –di meu avó con nostalxia–. Agora non é andar no mar, antes si que era duro.

Hai moitos anos, cando o meu avó Xosé era mozo, na illa de Ons podíanse ver máis de corenta dornas, na praia situada á dereita do peirao; hoxe non quedan nin dez, e unha delas é a do meu avó.

Os mariñeiros de Ons utilizaban as dornas principalmente para a pesca do polbo, e ían tripuladas por un ou dous homes.

Botaban toda a semana fóra da casa, traballando na dorna. Durmían nas praias que lles quedaban de camiño (na illa de Toralla, nas Cíes, Cabo Home...), tapábanse coa vela da dorna e facían de comer, nunha fogueira de toxo, unha boa caldeirada con catro patacas que levaban da casa e unha tarteira.

Comían e descansaban para logo seguir vogando.

Uns días ían pescar a Santa María de Oia ou a Corrubedo e logo viñan a vender a Pontevedra, Cangas, Portonovo, e sempre vogando, durante a noite, ás escuras pola ría, ou axudados pola vela da dorna se facía algo de vento.

Ademais de polbo ou centolas, a dorna utilizábana para coller lumbrigante, vieiras, nécoras, ameixas, camaróns, percebe..., e peixe: robaliza, congro, corbelos, praguetas, pintos, maragotas...

Nun día normal podían coller uns trinta quilos ou máis, que soían vender en Bueu, sempre deixando dabondo para comer na casa.

Nos días máis bos ten pescado ata douscientos quilos de polbo.

Para pescar, o meu avó Xosé utilizaba varias artes de pesca. Para o polbo usaba o mirafondos, tamén chamado espello, unha especie de caixa de madeira que na súa base leva un cristal que permite ver con claridade o fondo do mar; o bicheiro, que consiste nunha vara de tres ou catro brazas de longo, e na punta pónselle un gancho de ferro torcido en forma dun anzol (con el engánchase o polbo e sóbese ata a dorna). Unha vez alí metíase na cadeira (un compartimento que teñen as dornas para meter o peixe) cando estaba chea e púñano no cufiño (a parte máis á popa).

Para as centolas usaba a gadaña, que son coma dous ganchos de ferro torcidos e unha vara coma a do bicheiro.


Tamén utilizaba liñas para o peixe, un rastro de camaróns, os cotelos con pateiros iscados para as luras, a francada para os peixes más grandes, pintos, maragotas... e moitos más aparellos de pesca.

Agora case non os utiliza, pois non deixan pescar coma antes. Polos veráns é cando sae a dar unha volta, agora coa axuda dun motor e sen vela, pero os remos sempre os leva por se o motor lle falla.

A dorna de meu avó está na illa de Ons, é de madeira e ten case catro metros de eslora (a medida que ten de proa a popa). Tena pintada de tres cores: as cintas, de azul; os corredores, de vermello; e o resto, de negro.

Unha vez ao ano límpana a fondo. Lávaa por dentro e por fóra, bótalle a carena (que é brea derretida con xofre en barras). Mésturase todo nun pote con aceite da comida, e logo, ben derretida, dáselle por fóra coa axuda dun raspeiro.

O máis curioso é o seu nome, *Miae*, moi orixinal para unha dorna. Iso creo eu.





2º clasificado no concurso literario 2006 "Un traballo por un paseo". Categoría ESO
Autor: Eloy Agulla Gago
Centro: Illa de Ons. Bueu

EN BUSCA DO PATACÓN

Hai uns anos, cando meu pai era da miña idade, el e o meu avó saíron corma todas as tardes ao lante do asexo, momento no que se puña o sol. Pescaban sardinhas coa arte do xeito, que é un modo de pesca de enmalle á deriva.

Á noite, todos os barcos despois da pesca ían vender a Portonovo. Alí vendíanllas as sardiñas aos compradores na lonxa.

Despois da venda, todos os mariñeiros ceaban xuntos, xa que naquel tempo todos se levaban ben, eran amigos, coñecíanse e sabían o nome de todos os barcos.

Ceaban no peirao, asando sardiñas. Aproveitaban a madeira das caxias do peixe e facían unha fogueira, poñían as sardiñas ao lume e asábanas. Mentre, todos falaban e contaban como fora a pesca, ceaban e contaban historias ou anécdotas que lles ocorrían cada día a eses sacrificados mariñeiros.

Aquel día decatáronse de que faltaba un barco, o *Patacón*. Primeiro pensaron que estaría facendo boa pesca e que por iso inda non chegara. Seguiron a festa con normalidade.

Xa era tarde e o *Patacón* seguía sen chegar, así que decidiron ir buscalo todos os barcos. Ese día estiveran pescando na zona da Lanzada, e entón foron buscar alí. Todos estaban moi inquietos e temían o peor.

Despois de moita busca, atoparon ao patrón e o seu mariñeiro aboiados, agarrados aos baureis, que son as cortizas que están unidas á rede. Recolléreronos da auga e, xa nos barcos, secáronos e puxéronllas roupa seca.

A miña avoa xa estaba estrañada pola tardanza do meu avó e sobre todo moi preocupada polo meu pai que era demasiado pequeno para enfrentarse co mar. Cando chegaron e lle contaron o que pasara, non o podía crer.

Eses homes salváronse grazas a que antes todos os mariñeiros eran amigos, compartían, tratábanse ben.

Segundo di meu avó, os tempos cambiaron moito. Agora todos os barcos están enfrenteados e só se interesan por gañar diñeiro.

Se isto que conto pasase na actualidade, probablemente acabaría nun final tráxico.



3º clasificado no concurso literario "Un traballo por un paseo" 2006. Categoría ESO

Autor: Luis Gallego Novas

Centro: Xohan Carballeira. Bueu

AVVENTURA NO MAR

¡Ola! Chámome Brais, teño 13 anos e vouvos contar unha historia un chisco rara que me pasou hai un tempo. Un día, eu estaba na miña casa moi aburrido. De súpeto, soou o teléfono e fun collelo.

-Ola, ¿quen é?

-Son Brais.

-Ola, Brais, son Uxía. Chamábase por se queres que vaimos dar unha volta.

-¡Vale!

-Pois dentro de quince minutos paso pola túa casa.

-¡Ben, ata logo!

-Chao.

-¡Que ben! Vou estar con Uxía! -diciá Brais.

A el gustáballe Uxía dende hai tempo, mais non se atrevía a preguntarlle se quería ser súa moza. Con moita rapidez, subiu as escadas, foi ao baño e duchouse, rascou ben a pel por se tiña roña, lavou tres veces os dentes, peiteouse, botouse colonia... e todo só en catorce minutos.

Un minuto máis tarde deixou unha nota enriba da mesa:

"Mamá, vou dar un rule con Uxía. Veño pronto. Bicos. Brais".

Ding, dong -soou o timbre. Uxía xa chegara e Brais estaba preparado.

Abriu a porta e apareceu ela cun gran sorriso. Aínda que estaba igual que sempre, Brais pensaba que nunca estivera tan guapa. El estaba moi colorado.

Os dous marcharon collidos da man.

Ao pasar pola praia, viron na area a gamela do avó de Brais. Era unha boa oportunidade para saír na gamela con Uxía e pasar a tarde xuntos, perdidos na ría.

-Uxía, ¿que che parece se imos na gamela?

-¿Non será perigoso?

-Que va, o meu avó ensinoume a remar ben e aguento moito tempo.

-Vale, está ben.

Coa axuda dun mariñeiro que andaba por alí, conseguiron botala á auga. Montaron nela e Brais comezou a remar mentres Uxía se acomodaba. Cando chegaron ás bateas, decidiron descansar e falar. Entre palabra e palabra vían algúns que outra rincha e moitos cabalóns,... e así pasou o tempo.

Nun momento de silencio, cando só se oían as gaivotas da lonxa e de improviso, Brais comezou a achegarse a Uxía cun aceno de amor. Como el era tan torpe, ao darrle un bico nos beizos, volcou a gamela quedando os dous completamente empapados e unha cousa un pouco rara pasaba.

-¿Que che pasa, Uxía? -preguntou Brais moi preocupado.

-¡Os meus pés, non están!

Os seus pés uníranse e pouco a pouco comezou a encherse o seu corpo de escamas. ¡Convertérase en serea! Co susto Brais saltou e levantouse da cama, xa que todo fora un simple soño. Agora Brais quedou coa intriga de por que se converteu en serea Uxía.





Homenaxe aos náufragos

Nesta sección o equipo de redacción tiña previsto homenaxear os mariñeiros do *Montrove*. Casualmente, no concurso literario "Un traballo por un paseo" organizado por Os Galos, unha nena de 9 anos presentou un relato sobre o *Montrove* e, aínda que non gañou o certame, dende aquí pensamos que a homenaxe está mellor reflectida no traballo desta nena, polo cal foi premiada do mesmo xeito cós gañadores.



O BARCO MONTROVE

No verán de mil novecentos oitenta e catro zarpou, do porto de Vigo, o barco pesqueiro-conxelador galego chamado *Montrove* levando a bordo unha tripulación de dezasete homes, con destino ao banco canario-sahariano. Despois de facer unha marea e descargar en Canarias, volveu saír dende o porto de La Luz, en Gran Canaria, o día dezanove de xullo do mesmo ano, levando a bordo unha peza para entregar a outro barco.

Cabo duns días, os familiares, ao non recibir noticias do *Montrove*, comezaron a preocuparse, xa que fora divisado por última vez o día trinta e un do mesmo mes.

A bordo dese barco ía de cociñeiro o irmán do meu avó, xunto co seu fillo. Nese barco puido ter desaparecido meu avó, xa que o chamaron a el, pero non quixo ir e no seu lugar foi o irmán.

Houbo varios rumores:

que un barco máis grande chocara contra el...

que foran apresados...

que as correntes o arrastraran para o fondo...

...

Todos os familiares se foron manifestar a Madrid para que os seguisen buscando, xa que remataran a súa busca o cinco de setembro sen atopar ningún resto.

Este ano vai facer vinte e dous anos da súa desaparición. E hoxe en día aínda segue o misterio do *Montrove*. Foi unha das desaparicións máis graves de barcos e das que menos se sabe.

Pasaron moitos anos dende aquela traxedia e aínda así se segue recordando...

Aida Queimaño Soage.

Curso 4º de Primaria no CEIP Montemogos- Beluso.

Rómulo Gallegos. Estadía en Bueu

Salvador Rodríguez / Lois P. Leira

Sostén o escritor mexicano Andrés Iduarte no seu libro *Veinte años con Rómulo Gallegos* que "Se as portas de Venezuela non se abrisen en 1935, estou certo de que Gallegos non tería saído de Galicia. Cando menos, moito traballo lle tería custado. Ata falamos de fundar unha escoliña para os mariñeiros, para os adultos e para os nenos. Os seus libros íanlle producindo cada día máis rendemento e xa podía sostenerse independentemente naquel suave recuncho..."

Aquel "suave recuncho" era (e segue a ser) a Praia de Beluso, lugar pertencente ao concello de Bueu, que durante os veráns de 1933, 1934 e 1935 ficou convertido


*No verán de 1933 Rómulo Gallegos e
mais a súa dona descobren "o paraíso"*

no punto de encontro dun fato de intelectuais exiliados, entre os que se inclúfan, ademais do propio Rómulo Gallegos e a súa dona, Teotista Aroche, Gonzalo Barrios, Nelson Himiob, os doutores Raúl García Arocha e Rafael Ramón Irazábal, Juan Oropesa e mais o arquitecto Enrique García Maldonado, xunto co xa mencionado Andrés Iduarte. A todos eles coñecíanos na vila como "os venezolanos" e residían en dúas casas. A unha delas chamábanlle A Vizcaína que hoxe en día aínda está aberto e se denomina A Centoleira (especialidade en mariscos da ría).

EXILIO

A moi escasamente coñecida estadía en Galicia do que sería futuro presidente de Venezuela (e un dos máis egrexios e emblemáticos representantes da literatura hispanoamericana) ten a súa raíz en abril de 1930, cando o matrimonio Gallegos, temeroso das represalias da recién instalada ditadura en Venezuela, decide exiliarse a Nova York, cidade na que residirían ata 1932 en moi precarias condicións económicas.

Atraído pola proclamación da II República un ano antes, os Gallegos parten cara a España en abril do 32, establecéndose primeiro en Barcelona e posteriormente en Madrid. Daquela xa o escritor sudamericano contactara coa "flor y nata" da intelectualidade republicana e tamén



con galegos como o escritor Rafael Dieste, os pintores Laxeiro, Federico Ribas, Euxenio Granell e mais o xornalista ourensán Alberto Fernández Mezquita, que daquela era noivo da artista Maruxa Mallo.

GALLEGOS... DE GALICIA

Tiña ganas Rómulo Gallegos, e xa o manifestara en máis dunha ocasión, de coñecer as terras das que proviña o seu apelido así que non tardou en aproveitar a ocasión.

Hai quien di que quien lle falou dos "encantos" da Praia de Beluso foi Mezquita (que adoita gozar das súas vacacións de verán ali), pero tampouco debemos desbotar a posibilidade de que fose Federico Rivas, amigo íntimo da familia de conserveiros Massó, asentada no Morrazo con factorías en Bueu e Cangas. Ribas é o autor do famoso logotipo da conserveira e tamén pasaba logan tempadas en Bueu.

O caso é que no verán de 1933 Rómulo Gallegos e mais a súa dona descobren "o paraíso" e, sobre todo, tal e como el desexaba "un lugar tranquilo", un sitio que



xulgou tan apropiado para escribir que alí na casa que alugou se xestaron tres dos seus más importantes libros: *Cantaclaro*, *Canaima* e *Pobre Negro*.

UNS VECIÑOS MOI AMABLES


Aínda que nun principio o círculo de amizades de Rómulo e Teotiste se circunscribía aos paisanos seus que chegaran canda eles a Beluso, o matrimonio non tardaría en coller confianza cos veciños e veciñas.

Cóntase que foi a dona, devota da praia e da gastronomía mariñeira, a encargada das "relacións públicas" da familia mentres el se dedicaba aos menesteres literarios. Polas tardes, non era raro miralos pasear tanto pola praia de Beluso como polos seus arredores: Mourisca, Cabo Udra, Tulla, A Roiba, Pedrón... amosándose sempre moi amables e agarimodos coas xentes coas que se atopaban no seu camiñar.

Pero foi Teo a primeira que simpatizou coa veciñanza. A compañeira de Rómulo Gallegos axiña se fixo querer ata o punto de que se xuntaba coas mulleres más humildes, esposas de mariñeiros, para aprenderelles a preparar o peixe segundo os costumes da cocíña venezolana e ata cosía roupa para os rapaces pobres do lugar.

Para que os axudase nas tarefas do fogar, Teotiste contratou a unha veciña de nome Isabeliña, a quien considerou parte da súa propia familia. Isabel estaba casada e tiña unha morea de fillos aos que custaba deus e axuda alimentar e vestir, e resultou que a familia Gallegos, pouco antes de regresar a Venezuela, xa en decembro de 1935, lle propuxo que lle permitise levar con eles a súa filla máis pequena, de nome Paquiña e con só tres anos de idade, para que se educase como unha "señorita" ou, polo menos, para que non pasase a fame á que semellaba estar condenada de por vida. Isabeliña agradeceulle a atención, pero, malia a súa paupérrima

*A casa que
alugaron en Beluso
serviu de acubillo
das charlas que
mantiña coas
"forzas vivas" de
Bueu*



situación económica, preferiu non deixar marchar á nena.

E se Teo facía amizades pola súa banda, o literato facía as súas. A casa que alugaron en Beluso non só se convertera nun recuncho de encontro dos venezolanos exiliados e de diversos persoeiros republicanos e galeguistas (especúlase con que o propio Castelao se achegou a participar naquelhas tertulias más durha vez) senón que tamén serviu de acubillo das charlas que Rómulo Gallegos mantiña coas "forzas vivas" de Bueu —entre eles o xornalista e poeta que logo sería alcalde,



Johan Carballeira—, e nomeadamente cun carpinteiro de ideas comunistas chamado Xosé de la Torre López, co que conversaba case a diario. Este tal De La Torre era todo un personaxe na vila do Morrazo. Tiña por costume reunir aos seus veciños no taller da súa carpintería para proxectar ralles documentais de contido revolucionario ou lerelles en voz alta os xornais que chegaban de Madrid, por suposto con días e ata semanas de retraso.

Otro dos veciños de confianza de Gallegos era Xosé Regueira, vello lobo de mar que viaxara polos máis bravos océanos do mundo, ao que o escritor gustaba de escutar cómo contaba, en galego, as súas fazañas no Gran Sol. Foi este Regueira, ao que lle custaba pronunciar o nome de Rómulo, o que lle puxo, sen querer, o apodo de don Róbalo co que seica moito riron os seus amigos venezolanos.

DE GALICIA A VENEZUELA

A altura do ano 1935, Rómulo Gallegos pensaba na súa casa de Beluso non xa como un refuxio de salitre no que gozar das vacacións, senón como o fogar definitivo no que pasaría probablemente o resto dos seus días. Como proba diso, aquel verán "dурoulls" más que todos os anteriores; tanto durou que corría o mes de decembro e a parella aínda non se movera de alí: rexeitaran volver a Madrid e todo semella indicar que a decisión estaba tomada: xa non marcharían de Galicia e, aínda por riba, o escritor sentíase moi identificado e integrado cos galeguistas e coa Frente Popular.

Pero a axitación política non agoiraba nada bo e en Venezuela ocorría xustamente o contrario. Á outra beira do Atlántico o réxime expira coa morte do ditador Juan Vicente Gómez. O novo presidente López Contreras



lembrouse do seu amigo Gallegos e requiriuno para que formase parte do seu novo goberno como ministro de Instrucción Pública. O escritor non pudo negarse á "chamada da patria" e decidiu regresar ao seu país. Pouco

durou á fronte daquel ministerio, pero en 1945 xa o temos outravolta no eido da política tomando parte activa no golpe militar que conduciría á presidencia provisional do país a Rómulo Betancourt. Tres anos despois, convocados os comicios, é o propio Rómulo Gallegos o que se

presenta como candidato á presidencia e resulta elixido por unha ampla maioría. Máis abofé que tamén foi breve a súa lexislatura (durou de febreiro a novembro de 1948) e o escritor tivo que voltar a exiliarse, só que esta vez non escolleu España nin Galicia senón Cuba e México. Non regresaría a Venezuela ata 1958. No seu país finaría a madrugada do 5 de abril de 1969.

-¿LÉMBRASTE DOS SERÁNS EN BUEU?

—O meu pai adoitaba levar unha pequena Kodak no peto e en calquera lugar tiraba fotografías (...) Por casualidade, e falando de viaxes e lugares, mostroulle a don Rómulo e á súa esposa, dona Teotista, esas imaxes. A muller, ao miralas, lanzou unha exclamación de xúbilo e dixo, dirixíndose ao grande escritor:

—¡Olla, Rómulo! ¿Non che trae isto lembranzas? Olla esta árbore, fíxate neste camiñño e no prado que está á dereita. ¡Cantos recordos! ¡Que fermosos recordos! ¿Léembraste?

Don Rómulo apañou as fotos e ollounas con emoción:

—Si, muller, lembro estes lugares e os nosos paseos ao serán. E lembro a xente, a boa xente que habitaba estes lugares. Eran galegos, como os meus avós maternos. A todos os lembro con agarimo.

(*) Testemuña recollida de Fernando Mosqueira, fillo do capitán Mosqueira Manso, exiliado en Venezuela en 1948.



■■■ Unha tarde de botaduras


Redacción

Unha nova tempada iníciase para Os Galos no 2006.

A tarde do 29 de abril facíase en Pescadoira a "botadura". Ás catro da tarde, apurados porque a prensa non podía esperar que a marea subise un pouco máis, foron ao mar os dous botes polbeiros e o xeiteiro.

O bote polbeiro *Lagoas* foi construído no 1995 no asteleiro de Purro, na Banda do Río, e subvencionado pola Consellería de Pesca. Tras catro anos foi cedido pola Asociación As Lagoas á Asociación Os Galos, no verán do 2000, e con el inicia esta asociación a súa singradura.

O bote polbeiro *Rebelo* foi construído na Escola Obradoiro A Aixola de Marín en 1993. Xa foi ao Encontro de Bres, na Bretaña francesa, e a Dournenez. Recentemente foi cedido aos Galos pola Asociación Cultural Dorna, da illa de Arousa (de aí o anagrama que loce na vela). Agradecemos a esta asociación que se teñan lembrado de nós... aquí ten familia e mimo: Fidel fai todo o posible por darlo pois el de polbeiros sabe, non en van ten publicado un libro, *O bote polbeiro de Bueu*, editado pola Consellería de Pesca. ¿Que mellores mans o poden coidar?



Benvido, *Rebelo*, a Bueu.
¡Longa vida, polbeiros!

A súa historia para nós comeza cando se xuntaron os dous xemelgos.

E tamén foi botado ese día o xeiteiro.

O bote xeiteiro *Os Galos* é o primeiro feito por esta asociación, construído no asteleiro de Purro e subvencionado pola Consellería de Pesca. A botadura fixose o 27 de abril do 2002.

E así foi, igual ca hoxe, pouco a pouco, tosta a tosta...

Alí esperaban os xemelgos, non puideron navegar ese día... outra vez será... a vida dos navegantes éche así: sempre ao capricho do vento.





■■■ Encontro en Bouzas 2006

Editorial


Dende Bueu, a Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais Os Galos quere aproveitar a edición desta revista, para darrle as grazas á Asociación de Marinieiros Artesanais e Deportivos San Miguel de Bouzas, polo bo trato que nos deron no II Encontro de Embarcacións Tradicionais de Bouzas, celebrado os días 30 de xuño e 1 e 2 de xullo do 2006.

A nosa Asociación participou con dous botes polbeiros, o *Rebello* e o *Lagoas*, e a pesar do neboeiro que atopamos entre Cangas e Bouzas e só coa axuda dun compás conseguimos chegar a porto. Podemos asegurarvos que mereceu moito a pena.

Dérонse cita máis de 30 embarcacións: traínas, dornas, botes polbeiros, gamelas, racús, catrais, carochos, galeóns, etc.

Esperamos contar con vós no noso Encontro, que se vai celebrar os días 18, 19 e 20 de agosto.

Sen máis, unha aperta de Os Galos.





Refraneiro

Editorial

Once piden pan e só agosto llo dá.

En xaneiro a faneca sabe a carneiro.

En xaneiro a raia sabe a carneiro.

En xaneiro o polbo sabe a carneiro.

En xaneiro cágalle na barba ao xeiteiro.

En xaneiro, sete capas e un sombreiro.

En xaneiro, sete lobos no carreiro.

En xaneiro, un pouco ao sol, outro ao fumeiro.

Xaneiro mollado, se non é bo para o pan, non é malo para o gando.

Xaneiro quente, demo no ventre.

Xaneiro fóra, medrou o día máis dunha hora.

Xaneiro, piardeiro.

Xaneiro,añeiro e febreiro, cabriteiro.

En xaneiro e en febreiro, sete capas e un sombreiro.

Febreiro, camiseiro, nin boa meda nin bo palleiro.

Febreiro quente trae o demo no ventre.

Febreiro, xeada na leira e cachopo na lareira.

Pola Candelaria, metade do inverno fóra; se chove ou venta, aínda entra.

Polo San Matías, tan longas son as noites como son os días.

Por San Brais, dúas horas máis.

Por Santa Águeda entra o sol na auga.

En marzo, podar e cavar se queres colleitar.

En marzo, abrigo, noces e pantrigo.

En marzo, auga que non molle o rabo ao gato.

Marzo marzal deixa o viño trasegar.

Marzo marzáñ, cara de can, folepa de neve, porreta de pan.

Marzo marzola, trebón e raiola.

Marzo ventoso e abril chuvioso sacan a maio florido e fermoso.

Se no marzo ves tronar, prepara cubas e lagar.

Abril frío, moito pan e pouco viño.

Abril que non chove, deixa ao labrego pobre.

Abril quente e mollado carga o carro e enche o gado.

Abril riente mata de frío a xente.

En abril, flores mil, peixes mil e augas mil.

En abril sae o cuco do cubil.

En abril, o salmón para min; no maio, pró criado e no San Xoán, pró can.

Abril e maio son as portas do ano.

Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano.

En maio xa saio.

En maio calquera besta é cabalo.

En maio de pé me caio, xa con sono, xa con traballo.

Maio fai o trigo e agosto, o viño.

Maio frío, nin palla nin trigo.

Maio atreboado, ano temperado.

Maio chuvioso, verán caloroso.

Maio ventoso, para o labrador fermoso, e para o mariñeiro, desastroso.

Maio pardo, ano farto.



O tres de maio quenta o sol coma un borrallo; se non quenta aquel día, quenta para outro día.

O touro, o galo, a troita e o barbo, no mes de maio.

O que en maio se molla, en maio se enxoita.

O rocín en maio vólvese cabalo.

En San Xoán a sardiña molla o pan.

En San Xoán, tanto queixo coma pan.

Entre San Xoán e Santiago, Deus nos libre de un nubrado.

No mes de San Xoán as nove do día dan.

Xullo quente, millo valente.

Xullo andando, millo arrendado.

Pola Santa Mariña salga a sardiña.

Pola Santa Mariña deixa o sachó e colle a fouciña.

Pola Santa Mariña vai ás túas viñas e, cal as cates, tal as vendimas.

Por Santiago pinta o bago.

Santiago pinta o bago e San Salvador píntao mellor.

Agosto ardenteiro, herba no palleiro.

Agosto e vendima non son cada día.

Agosto fáiselle maio a quen non ten pan sementado.

Agosto pasou e quen mallou mallou.

Os rocíos de agosto son mel e mosto.

Se o mes de agosto vén claro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.

En agosto, frío no rostro.

En agosto, viño mosto.

En agosto, sol posto, noite connosco.

En agosto, nin viño, nin muller, nin mosto.

En agosto, arder e en setembro, beber.

En agosto as castañas, a arder e en setembro, beber.

En agosto secan os montes e en setembro, as fontes.

En setembro come e vende.

En setembro ou secan as fontes ou levan as pontes.

En setembro colle o viño e non durmas no camiño.

San Migueliño das uvas maduras moito me tardas e pouco me duras.

En outubro o teu pan cubre.

Outubro quente, inverno, detente.

Polo Pilar os nabos, na terra e o viño, a envasar.

Polo San Simón proba o viño e o porco, por San Martiño.

Polo San Martiño, castañas e viño.

En San Martiño, trompos ao camiño.

En San Martiño, mata o porco e bebe o viño.

No día de San Martiño abilla o teu viño.

O verán de San Martiño son tres días e un pouquiño.

Por Santos, neve nos campos; por Santo Andrés, neve nos pés.

Bendito mes que empeza en Todos os Santos e remata en Santo Andrés.

Santos e Nadal, inverno carnal.

Día de Santa Lucía, enchente de auga ou de sardiña.

O día de Santa Lucía medra a noite e mingua o día.

Nadal chuvioso, xaneiro ventoso.

Nadal mollado, xaneiro ben xeado.

Se Nadal nada, sinal de boa anada.

Se a noite de Navidade fai luar, labra ben para sementar.

II Xuntanza Deputación de Pontevedra X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Vieu

14, 15, 16, 17, 18, 19 e 20 de agosto do 2006

► PROGRAMA ►

► LUNS 14

> Presentación á prensa ás 19.00 horas no Museo Massó

> Conferencia

Título: *As actividades didácticas relacionadas co mar no Museo de Pontevedra*

Relator: José Manuel Castaño (responsable do Gabinete Didáctico do Museo de Pontevedra)

Lugar: Museo Massó

Hora: 20.00 da tarde

► MARTES 15

> Cursiño

Relator: José Manuel Castaño

Título: *Para ser grumete (I)*

Lugar: Museo Massó

Hora: 20.00 da tarde

> Cine ás 22.30 no Centro Social do Mar (por definir película)

► MÉRCORES 16

> Cursiño

Relator: José Manuel Castaño

Título: *Para ser grumete (II)*

Lugar: Museo Massó

Hora: 20.00 da tarde

> Cine ás 22.30 no Centro Social do Mar (por definir película)

► XOVES 17

> Conferencia

Relator: Dionisio Pereira

Título: *A carpintería de ribeira*

Lugar: Museo Massó

Hora: 20.00 da tarde

> Cine ás 22.30 no Centro Social do Mar (por definir película)